WIKIPEDIA

Lingua amahuaca

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **amahuaca** é unha lingua da familia pano que se fala no Brasil e Perú, e nese país ten a consideración de lingua oficial no seu territorio.

Amahuaca	
Falado en:	O Perú e o Brasil
Rexións:	Amazonas
Total de falantes:	310 (1995–2000)[1]
Familia:	Pano Amahuaca–jaminawa **Amahuaca**
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	--
ISO 639-2:	---
ISO 639-3:	amc (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=amc)

Índice

Historia

Antes da chegada dos españois entre 6 e 9.000 amahuacas habitaban unha superficie de 30.000 km², divididos en múltiples subgrupos. Os primeiros contactos cos españois déronse no século XVIII. No século XIX a maioría dos amahucas deixaron as ribeiras dos ríos Ucayali e Urubamba. En 1892 logo enfrontamento cos canibo, shipibo e piro, os amahuacas quedaron decimados. O exército peruano masacrou en 1943 os amahuacas que vivían no curso alto do río Purús. Os poucos amahuacas que sobreviviron agrupáronse e como resultado destruiuse a organización tradicional.

Situación actual

Na actualidade o amahuaca conta con entre 300 e 400 falantes. En Perú hai 247 amahuacas censados en 6 comunidades (2000), deles no ano 2000 uns 100 falaban a lingua, pero os nenos xa non a falan e o mesmo grupo étnico estase desintegrando e perdendo a súa identidade diferenciada por mor da alta taxa de matrimonios mixtos. O territorio amahuaca abrangue o curso dos ríos Sepahua, Inuya, Curiuja, Curanjá e Yuruá nos departamentos de Ucayali e Madre de Dios. No Brasil os 220 amahuacas censados no ano 1995 falaban a lingua, o territorio amahuaca localízase no estado de Acre. Ademais pode haber 50 amahucas non contactados na fronteira peruana-brasileira.

Dialectos

- Inuvayen (Brasil)
- Inuya (Perú)
- Sepahua (Perú)
- Viwivakeu (Brasil)

Escrita

Existe algún material escrito na lingua, a partir de 1963 misioneiros cristiáns traduciron pasaxes da Biblia, libros didáctios e de contos tradicionais, e existe tamén un dicionario e unha gramática.

Notas

1. Ethnologue (ed.). "Amahuaca en Ethnologue (18th ed., 2015)". Consultado o 26 de outubro de 2017.

Véxase tamén

Ligazóns externas

- O amahuaca no Ethnologue (http://www.ethnologue.com/show_language.asp?code=amc) *(en inglés)*
- Dicionario amahuaca (https://www.sil.org/resources/archives/29823) no SIL (https://www.sil.org)